

**Ola!, son a pílara papuda (a que estou na foto). Teño o mal costume de poñer os ovos en medio dos areais, xusto cando vós empezades a vir ás**



**praías para tomar o sol... e así sempre teño que andar fuxindo. Como agora xa vos ides de vacacións!, propóñovos unhas ideas para levar a cabo as boas prácticas ambientais no verán.**

**Escoitade ben, que é importante.**

Que sexa verán e vacacións para vós, non se pode traducir en sufrimento e morte para os outros animais. Divertirse non é facer sufrir, por iso non participedes en festas onde se maltraten animais. Eles sofren, coma vós, e non lles apetece nada que os toureen ou lles fagan ningún dano. Lembraide que a cultura non é tortura. Se vedes actos públicos nos que exista maltrato denunciádeo!

Do uso do transporte público ou da bici xa o sabedes todo. Non vos digo nada, pero o que si é importante é que nas vosas viaxes non merquedes produtos que poñan en perigo a fauna ou a flora local. Lembremos que o comercio de especies protexidas (ou de partes de individuos protexidos) ocupa o terceiro lugar en beneficios despois do tráfico de armas e de drogas. Non podemos contribuír a iso, e moitas veces faise por descoñecemento. Pero detrás dunha figuriña de marfil está a morte dun animal que tiña interese, coma nós, en seguir facendo a súa vida. Lembrades *Gorilas na néboa*? Pois Aínda os seguen matando, non só polo carbón vexetal, tamén polo tráfico de partes dos gorilas, que despois venden nos “países máis desenvolvidos”. Pois coma eles deben seguir nos montes Virunga, os corais deben estar no mar, non na estantería; e os plastróns das tartarugas só lles pertencen a elas, na vosa casa son un pouco horteras. As plantas e os animais son do lugar no que viven, deixádeas alí. Pensemos que actos aparentemete inocentes como mercar estes *souvenirs* son un duro golpe á biodiversidade da zona.

Se queredes facer orixinais agasallos, mercade os obxectos procedentes do comercio xusto, alimentos ecolóxicos ou da cultura e a artesanía local, a súa literatura abriranos a mente e a súa música será enriquecedora. Iso non o atoparedes nun “todo a cen” nin na estantería dun supermercado...

Cando vaiades a parques ou espazos protexidos, respectade as normas, así poderedes gozar deles un ano tras outro. Lembraide que as dunas tardan moito tempo en formarse e que as plantiñas que hai alí xogan un papel importante nelas, ademais algunhas son endémicas e outras están en perigo de extinción. Non as crucedes en quads! Se vedes compañeiros meus incubando na prais, deixádeos tranquilos, eles tamén teñen dereito a reproducirse, non só a especie humana!.

Se atopades algún can abandonado ou ferido, chamade a un refuxio de animais dunha Sociedade Protectora, eles lle buscarán un amigo responsable que o respete. **Convertédevos en axentes de concienciación contra o abandono e o maltrato.** Se vos considerades unha sociedade culta e progresista xa non poderedes permitir que se abandonen burros, cans ou gatos despois de seren compañeiros de xogos ou dunha vida de traballo. Chamade ao Seprona ante algunha agresión.

Non vos esquezades de reciclar tamén no verán!, e nas prais ou no monte non deixedes nada “abandonado”, se non hai colectores preto de alí, levádeo ao máis próximo. Lembraide que a vista tamén necesita vacacións, e descansa mellor nunha paisaxe fermosa que nunha chea de refugallos.

Se ides navegar, ir a vela é moito máis apaixonante que a motor. Pero se vos decantades por esta opción, por favor respectade os golfinhos e todos os demais compañeiros que viven na auga. Tede coidado cos ruídos e non tiredes nada pola borda. Ao cabo todo que se tira á auga vos chegaravos a vós, como refugallo á area ou como tóxico a traveso dos peixes pola cadea alimentaria. Ah!, se vedes algúnha tartaruga ou algún golfinho ferido ou varado, chamade a Seprona, e eles poranse en contacto coa Coordinadora de Mamíferos Mariños para actuar.

Por último, pasádeo ben!. Coidado cando vos bañedes, e vos tiredes ao mar, non vos lesionedes! Esquecía dicir que o lume só é para as cacharelas de San Xoán, o resto do ano, controlado!

**FELICES VACACIONS!**